

O Concello investirá máis de 450.000 € en mellora de estradas nas parroquias

Destinará máis de 216.000 euros do Plan de Obras e Servizos a financiar gastos en alumeadado público e outros 65.000 euros a melloras no Servizo de Axuda no Fogar e medidas sociais

O Concello de Boqueixón vai investir máis de 450.000 euros na mellora da súa rede viaria. Unhas actuacións que inclúen a mellora dun viario en Xiadás e o acondicionamento doas accesos a Loureda, parroquia na que tamén se mellorarán os viarios entre os seus núcleos de poboación. Así mesmo, contéplase tamén acometer traballos de mellora de varios viarios en Lamas, así como da estrada de Pazos á DP-1202. Uns proxectos que serán financiados con cargo ao Plan de Obras e Servizos e o Plan Complementario da Deputación da Coruña.

Por outra banda, o Concello de Boqueixón acordou tamén investir outros 216.200 euros da Achega Provincial de 2023 a gasto corrente, principalmente para financiar o gasto extraordinario en alumeadado público debido ao incremento dos prezos da electricidade. A maiores, o Concello tamén se adheriu ao POS+Adicional para o financiamento de gastos sociais extraordinarios polo que disporá doutros 63.058 euros que destinará principalmente á mellora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), nas súas distintas modalidades, así como á atención de persoas e familias vulnerables.



O Concello vén de aglomerar en quente o viario do camiño de Ardarís a Rubial, no que investiu 146.420 euros

300.000 € no aglomerado das estradas de Casalpegito á Moa e de Ardarís a Rubial

O Concello de Boqueixón está a rematar nestes días o aglomerado das estradas de Casalpegito á Moa e de Ardarís a Rubial, “dúas actuacións moi necesarias xa que son pistas que vertebran e comunican parroquias, polo que soportan bastante tráfico”, explica o concelleiro de Economía e Facenda, José Manuel Iglesias. En total, 3,45 quilómetros de aglomerado en quente.

No caso da mellora do firme do viario da pista de Casalpegito á Moa, as máquinas aglomeraron un total de 1950 metros de pista, así como 250 m² de

abanicos, previa reparación de fochancas e perfilado de mordentes. A maiores, instalouse unha cuneta de seguridade de 205 metros con sistema de recollida de augas pluviais.

No camiño de Ardarís a Rubial, actuouse en dous tramos de 1.200 e 300 metros de lonxitude, así como noutros 600 m² de abanicos. Ao igual ca no outro proxecto, dotouse ao viario dunha capa asfáltica de 6 centímetros.

Estas dúas actuacións están recollidas nun plan municipal aprobado en xuño de 2022 e que inclúe dez

proxectos “que responden ás necesidades e peticións dos veciños e veciñas de Boqueixón”, apunta o alcalde Manuel Fernández Munín. Algúns deles se executarán en breve, como o novo parque infantil no campo da Festa de Lestedo ou o programa de sinalización de todo o municipio. Outros xa están feitos, como a mellora dos viarios perimetrais do polígono de Camporrapado. En total suman 928.659,08 € de fondos propios que o Concello de Boqueixón inviste en proxectos de mellora da calidade de vida da veciñanza.

Renova ou obtén o DNI o 13 de abril na Casa do Concello

O Concello de Boqueixón informa de que a Unidade Móbil do DNI estará na mañá do xoves 13 de abril na casa consistorial, a partir das 9:00 horas. Para poder acudir é preciso pedir cita previa no 981 51 30 61.

Apertura do prazo para pedir actuacións da Rede Cultural

Do 17 ao 31 de marzo estará aberto o prazo para que as asociacións do municipio poidan solicitar de xeito telemático espectáculos da Rede Cultural da Deputación. Máis información no Departamento de Cultura: 981 513 115

A ITV Agrícola, en Boqueixón do 10 ao 14 de marzo

A Unidade Móbil nº 3 da Inspección Técnica de Vehículos Agrícolas estará no Campo da Festa de Rodiño do 10 ao 14 de marzo, de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 horas (salvo o martes 14, no que só se atenderá pola mañá). Necesaria cita previa no 902 30 90 00 ou www.cycityv.com.

A Escola Infantil Municipal abre prazo de solicitude de prazas ata o 31 de marzo

O Concello de Boqueixón informa de que o prazo de solicitude de prazas de novo ingreso e renovacións para a Escola Infantil Municipal Raiña Lupa de Boqueixón, estará aberto do 1 ao 31 de marzo do 2023. Dirixido a nenos e nenas que teñan cando menos tres meses na data de ingreso e non superen os tres anos a 31 /12/ 2023.

Infórmate en www.boqueixon.gal de toda a documentación precisa tanto da situación familiar (libro de familia, DNI, título e familia numerosa...), da situación económica e laboral (nómina, declaración da renda...) e outros documentos acreditativos de situacións que



A escola infantil municipal "Raiña Lupa" atende a nenos/as de 0 a 3 anos

sexan susceptibles de puntuación.

Toda a documentación deberá ser achegada xunto á solicitude a través da

sede electrónica municipal (sede@boqueixon.com) ou a través do Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón (previa cita no 981 513 106).

Aberta ata o 20 de marzo a solicitude de prazas no CRA Boqueixón-Vedra

O Concello de Boqueixón informa de que ata o 20 de marzo se poden solicitar prazas no CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas". As solicitudes poden presentarse de forma presencial no colexio ou, preferiblemente, por vía electrónica. Para iso é preciso descargar un formulario (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumna-do/>) e presentalo a través da sé electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal/>).

Para presentar electronicamente as solicitudes é preciso empregar algún dos mecanismos de identificación e sinatura, así como DNI ou Libro de Familia e certifi-



As solicitudes deberán presentarse vía electrónica diante da Xunta de Galicia

cado de escolarización en casos de traslado de centro. Calquera dúbida: Camporra-

pado (649 737 678), Sergude (616 440 472) e Lestedo: (616 440 474).

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

Xuntanza pola concentración parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo

A directora xeral de Desenvolvemento Rural e persoal da Consellería do Medio Rural reuniranse coa veciñanza no local social de Lamas o mércores 15 de marzo, ás 10:30 horas

O local social de Lamas acollerá o mércores 15 de marzo, ás 10:30 horas, unha reunión informativa sobre a concentración parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo, decretada o pasado 26 de xaneiro. Unha reunión que contará coa presenza da directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, e persoal da Consellería do Medio Rural que aproveitarán para visitar a zona.

Unha área de reestruturación que abrangue unha superficie de 1.956,70 hectáreas, cun total de 8.101 parcelas e que beneficiará a un total de 1.224 persoas propietarias. Foron estes veciños e veciñas os



O local social de Lamas acollerá a xuntanza convocada pola Xunta de Galicia

que solicitaron este proceso de concentración, que foi apoiado Concello de Boqueixón para reorganizar o territorio e mellorar as condicións estruturais,

técnicas e económicas das 120 explotacións en activo da zona, na súa maioría de vacún, équidos e porcos.

O uso do solo forestal é maioritario na zona da par-

celaria, pois a superficie ocupada por terreos forestais, pastos arbustivos e terras arables ascende ao 97,82%. Así, a futura redistribución de cultivos permitirá un mellor aproveitamento dos predios de substitución, pensando máis na mellora dos accesos e na forma dos predios que nun cambio do propio cultivo. Ademais, con esta reestruturación aproveitaranse os abandonos e matogueiras, que poden integrarse na superficie agraria útil das explotacións. Isto repercutirá positivamente nos seus propietarios, que poderán aumentar a carga gandeira e o nivel competitivo das súas explotacións.

A empresa adxudicataria do novo parque infantil de Lestedo renuncia e atrasa a execución das obras

A empresa Mantido SL foi a adxudicataria das obras do parque infantil de Lestedo por un importe de 87.920,48 euros con data 15 de decembro de 2022. Dous meses máis tarde, e por motivos alleos ao Concello, a empresa renunciou ao contrato.

Por tal motivo, o Concello de Boqueixón tivo que iniciar de novo o proceso de contratación, o que suporá que as obras do parque infantil de Lestedo serán executadas ao longo da primavera de 2023.

Esta actuación unirase ao recente investimento

de case 60.000 euros en melloras nos parques infantís das escolas unitarias de Camporrapado e Lestedo, que incluíron o cambio do chan, a reparación dalgúns xogos e a colocación de novas instalacións.

Deste xeito, o Concello

continúa o seu proceso de melloras nos parques infantís de todo o municipio, despois da construción dun novo parque cuberto no CRA de Sergude o e a cubrición dos parques infantís das escolas unitarias de Lestedo e Camporrapado.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
20 feb	5 mar	Sergude	Campo da festa de San Bieito
6 mar	19 mar	Lestedo	Campo da festa
20 mar	26 mar	Lamas	Campo da festa
27 mar	2 abr	Vigo	Campo da festa

“Tardes pola igualdade” busca sensibilizar á rapazada en igualdade, tolerancia e respecto

Terán lugar os venres de marzo, de 15:30 a 16:15 horas, no ximnasio municipal. Dirixido a público de Infantil e Primaria (de 3 a 12 anos), a participación é gratuíta, previa inscrición

O ximnasio municipal do Forte acollerá os venres do mes de marzo, de 15:30 a 16:15 horas, as “Tardes pola Igualdade”, iniciativa organizada polo Concello de Boqueixón e o Centro de Información á Muller dentro das actividades relacionadas coa sensibilización en Igualdade da poboación infantil e tendo en conta que no mes de marzo se celebra o 8M.

“Tardes pola Igualdade” fomenta a educación en igualdade, tolerancia e respecto, dun xeito lúdico, á vez que

forma parte dunha campaña de sensibilización en igualdade que desde o concello se ben apoiando, co fin de promover unha sociedade progresista e igualitaria. Unhas actividades que se realizan con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de Xénero e o Ministerio da Igualdade.

Para participar é preciso cubrir o formulario de inscrición dispoñible en www.boqueixon.gal. Máis información no CIM: 981 513 106 ou 981 513 061.

Trémola Teatro ten lista a seguinte programación:

- Venres 3: *A miña historia*. Andrea é unha periodista do século XIX que sabe todo sobre Rosalía de Castro. Serás capaz de axudala para que todo o mundo se lembre dela?
- Venres 10: *Dúas nenas moi moi valentes*. Historia de dúas nenas que, nunha festa de pixamas, descubren un libro secreto cheo de historias fascinantes con mulleres como protagonistas.

- Venres 17: *A fada que non sabía ser fada*. Adalina é unha fada á que non lle gusta cumprir as normas, que non ten ás e que non encaixa co resto das fadas. Musical.
- Venres 24: *E ti, que queres ser de maior?* No cole de Yoli estiveron falando de profesións. Yoli quere ser camioneira. Os seus compañeiros explicáronlle que iso é traballo de chicos. Pero a ela dálle igual... quere percorrer o mundo enteiro.



Boqueixón, Touro e Vedra organizan a Andaina “8M no camiño da igualdade” o 12 de marzo

Os Concellos de Boqueixón, Vedra e Touro organizan a andaina “8M no camiño da igualdade”, que terá lugar o vindeiro domingo 12 de marzo. Unha camiñata de 12 quilómetros totalmente gratuíta, se ben é preciso anotarse previamente no formulario: <https://forms.gle/M5SDR->

NMEWnR1CiuT7. Calquera dúbida: 679 306 188.

A andaina sairá do campo da festa de Bendaña ás 9:30 horas do domingo 12 de marzo para chegar á ponte de Gundián (Vedra), onde terá lugar un picnic para repoñer forzas e de onde sairá o autobús de regreso. Tanto a merenda

como o autobús de volta a Bendaña son de balde.

Unha iniciativa dos Concellos de Boqueixón, Vedra e Touro, así como do Centro de información á Muller, e que conta co apoio do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade do Goberno de España.





Gran éxito do Entroido e Atranques de Sergude

O Entroido e os Atranques dos Xenerais de Sergude, organizados pola Asociación de Festexos de Sergude en colaboración co Concello de Boqueixón, foi todo un éxito de participación. O tempo acompañou e a festa deu comezo pola mañá cos Correos, Xenerais e Comparsas percorrendo todas as localidades da parroquia cos seus cantos de taberna e acompañados polo grupo "Son de gaita".

Pola tarde, as distintas comparsas de Entroido fixe-

ron a súa entrada no campo da festa. Os Xenerais saíron a escena preto das nove da noite, precedidos por unha actuación de rapaces e rapazas da parroquia que amosaron que o relevo está garantido. Tras a entrada dos Correos, as persoas asistentes desfrutaron dos atranques dos Xenerais da Ulla. O Dúo Óbice puxo a música ao gran baile final, con degustación gratuita de chocolate con churros e sorteo dun lote de produtos de Entroido.



As persoas maiores do Programa de Prevención da Dependencia celebran o Entroido

As persoas maiores participantes do Programa Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón desfrutaron o pasado xoves 16 de febreiro dunha Festa de Entroido no local social de Vigo. Na primeira parte da sesión realizouse unha actividade lúdica a través do xogo "Cólleme se podes". Púxose aos participantes a proba con diferentes temáticas arredor do Entroido e da tradición por medio de cancións, refraneiros e contos do noso municipio.

Durante a segunda parte da sesión puideron degustar dos produtos típicos do carnaval, incluso con filloas feitas no propio local social de Vigo. As nove persoas participantes desfrutaron de música e dos disfraces que amenizaron ese xoves de Entroido.

Casa do maior

Quen tamén celebraron o Entroido por todo o alto foron as persoas da casa do maior Lodeiro, na parroquia de Loureda.



Maiores que participan no Programa de Prevención da Dependencia



Celebración do entroido na Casa do Maior Lodeiro, na parroquia de Loureda

Encontro entre a rapazada do CPI Orza Couto e prestixiosas deportistas galegas

O CIM de Boqueixón organiza "Deporte: Igualdade de xénero", un encontro da rapazada do CPI Orza Couto con exitosas mulleres deportistas para poñer en valor a importancia de rachar con prexuízos sexistas e aceptar a inclusión na práctica do deporte. Participarán Verónica Calvo Dopazo, seleccionadora galega de Carreiras por Montaña; Ainhoa Rodríguez Fernández, pedagoga e directora do Departamento Nacional de Para-Kárate; as atletas Rosa Sierra e Elena Sierra; así como Nikol Carulla Kocsis, xogadora de bádminton. A cita é o luns 6 de marzo, de 10:00 a 11:30 horas, no CPI Orza Couto, organizada polo CIM, en colaboración co Departamento de Deportes, Deporte Galego e profesorado do CPI.



Xornada de tecnificación de patinaxe artística no pavillón de Lestedo

O Club Ágora-Boqueixón organizou unhas xornadas de tecnificación de patinaxe artística no pavillón de Lestedo, dirixidas ás patinadoras/es do club e impartidas por Carla Escrich, patinadora e adestradora catalá cun gran palmarés (campioa de Europa e 3ª do mundo no ano 2019; 3ª no campionato do mundo e nos world games de 2022 e subcampioa europea neste 2023).



Presentación do vídeo da recreación Batalla de Ponte Ledesma

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o sábado 11 de marzo, ás 19:30 h, a presentación do vídeo da recreación da Batalla de Ponte Ledesma de 2022. Ese acto serviu para a estrea de "A batalla de Ponte Ledesma", unha composición de Simón Couceiro interpretada pola Unión Musical Ponteledesma.



Gran afluencia de xente na XL Festa da Filloa

A XL Festa da Filloa de Lestedo congregou un gran número de persoas, que degustaron as tradicionais filloas durante dúas fins de semana de actos: Filloíña, Entroido da Filloa, Filloa Folk, degustación en El Corte Inglés e showcookings *Lestedo sen glute* e *Mar e terra*.

No seu día grande incluíu o VI Desfile Intermunicipal dos Xenerais da Ulla, no que tomaron parte máis de medio cento de Xenerais e Xeneralas, 31 deles a cabalo, chegados de Touro, O Pino,

Santiago, A Estrada, Vedra, Teo e Boqueixón. José M. Iglesias deu lectura á acta de imposición da condecoración *Xeneral da Filloa 2023* a José Canabal Peón, entregada pola súa irmá Uxía.

Os Mandís de Honra foron para as festas da filloa máis senlleiras de Galicia (Muintenta, Sada, Valongo e A Baña), para o conselleiro de Sanidade, Julio García, para o director xeral do Gabinete Técnico da Presidencia, José de la Iglesia; e para o chef e pregoeiro Manuel Costiña.



Novena edición do certame de relato curto 'Xosé Neira Vilas'

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPIP Antonio Orza Couto, convoca o IX Certame de Relatos Xosé Neira Vilas co obxectivo de potenciar a lectura e a promover a lingua galega escrita como medio de creación e comunicación. O certame está aberto a calquera persoa interesada de Boqueixón así como a escolares matriculados no centro educativo do concello. Os traballos deberán entregarse na biblioteca municipal ou no CPI Antonio Orza Couto antes do 21 de abril.

Establécense catro categorías: 3º e 4º de Primaria, 5º e 6º de Primaria, Secundaria e Adultos. Cada participante poderá presentar un único

relato, de temática libre. Os traballos serán propios e inéditos, escritos a ordenador. O texto entregarase en galego, podendo incluír ilustracións.

Para garantir o anonimato, o relato irá identificado coa categoría á que opta e cun pseudónimo. A ficha de participación cos datos correspondentes irá nun sobre pechado que estará grampado ao texto.

Por cata categoría hai tres premios de 125, 100 e 75€ en vales en libros e material escolar, así como diploma e edición recompiladora. A entrega dos premios terá lugar nun acto co gallo do Día das Letras Galegas. Consulta as bases en www.boqueixon.gal.

IX CERTAME DE RELATO CURTO XOSÉ NEIRA VILAS



Concello de Boqueixón

AXENDA DO MES DE MARZO

Luns
6

Deporte: igualdade de xénero

CPI Orza Couto, de 10:00 a 11:30 horas.

Encontro da rapazada do CPI con exitosas mulleres deportistas.
Organiza: CIM de Boqueixón.

Martes
7

Etnomedicina e sabedoría popular

Casa da Cultura de Camporrapado. 16:00 horas.
Charla e paseo para coñecer o uso tradicional das plantas.
Con María Das Herbas.
Inscripcións: Dpto Cultura.

Mércores
8

Commemoración do Día da Muller

Casa do Concello, ás 12:00 h.
Lectura de manifesto.

Venres
10

ITV Agrícola

Campo da Festa de Rodiño. Do 10 ao 14 de febreiro, de 9:00 a 13:30 h. e de 15:15 a 18:00 h.
Cita previa: 902 309 000

Venres
10

Teatro: Tardes pola Igualdade

Ximnasio municipal do Forte. De 15:30 a 16:15 horas.
Trémola Teatro presenta "Dúas nenas moi moi valentes".

Sábado
11

Commemoración da Batalla de Ponte Ledesma

Casa da Cultura de Camporrapado. 19:30 horas.
Presentación do vídeo da Batalla 2022

Domingo
12

Andaina 8M no camiño da igualdade

Campo da Festa de Bendaña. Ás 9:30 horas.
12 km ata a Ponte de Gundián.
Picnic e bus de volta. De balde.
Necesaria inscrición

Mércores
15

Xuntanza da parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo

Local social de Lamas. 10:30 h.

Venres
17

Tardes pola Igualdade

Ximnasio municipal do Forte. De 15:30 a 16:15 horas.
Trémola Teatro presenta "A fada que non sabía ser fada".

Venres
24

Tardes pola Igualdade

Ximnasio municipal do Forte. De 15:30 a 16:15 horas.
Trémola Teatro presenta "E ti, que queres ser de maior?".

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 106 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com